

# Solicitud de admisión para o curso 2022/2023

## (ED. INFANTIL, ED. PRIMARIA E ESO)

### **-PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: do 1 ó 21 de marzo.**

-Horario de atención: de 8:30 a 13:00 (de luns a venres). Se neste horario non pode vir, darémoslle cita chamando ó 986 368073.

O **impreso de solicitude de admisión (ED550B)** poden solicitalo no centro ou ben descargalo desde a nosa páxina web [www.colegioaguarda.com](http://www.colegioaguarda.com) e entregalo cuberto e asinado en Secretaría xunto coa documentación.

Se desexan presenta-la solicitude de maneira electrónica, poden facelo a través da aplicación admisionalumnado sempre que dispoñan de certificado dixital ou Chave365.

Para calquera eventualidade ou dúbida sobre o proceso de admisión, estaremos ó seu dispór na Secretaría do centro.

### **Documentación necesaria:**

- Documento acreditativo da idade do alumno-a (copia da folla do Libro de Familia ou DNI).
- Certificado de matrícula (unicamente para alumnos-as de Primaria e ESO que soliciten cambio de centro escolar).

No caso de que houbese máis solicitudes que prazas vacantes, habería que BAREMAR. O día 23 de marzo publicarase na nosa web e no taboleiro de anuncios do Centro, os cursos para os que sexa necesario baremar. **O prazo de entrega da documentación xustificativa, será do 25 de marzo ó 7 de abril.**

### **-Data de publicación de listaxes provisionais: antes do 25 de abril.**

-Prazo de **reclamacións** no centro: **5 días hábiles** (a partir do día seguinte á publicación).

-Publicación de **listaxes definitivas: antes do 15 de maio.**

-Formalización **matrícula:**

- **Do 22 ó 30 de xuño para Infantil e Primaria.**
- **Do 25 de xuño ó 12 de xullo para a ESO.**

### **INFORMACIÓN DE INTERESE:**

- **A solicitude debe de ser única.** A infracción desta norma supón a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- En caso de separación ou divorcio con patria potestade compartida, a solicitude de praza ten que vir **asinada por ambos proxenitores.**
- Todo o alumnado ten garantía de permanencia no centro onde cursa estudos aínda que, se presenta solicitude de admisión noutro centro, deberá comunicalo.

O alumnado que sexa admitido no novo centro perderá o dereito de permanencia no de orixe.

- **A solicitude de admisión é incompatible coa reserva de praza nun centro adscrito.** Se presentou reserva de praza para centro adscrito, deberá comunicar a renuncia á reserva antes do 1 de marzo para poder presentar a nova solicitude noutro centro.

## TÁBOA DE BAREMACIÓNS

**(Aplicable só no caso de que haxa máis solicitudes que prazas vacantes)**

CRITERIO PUNTUABLE	DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR
<p><b>Irmáns no centro</b> e que vaian continuar escolarizados no centro (8 puntos un irmán e 2 puntos polo segundo e seguintes irmáns).</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ <u>Orixinal e copiado</u> Libro de Familia.</li> </ul>
<p><b>Proximidade do domicilio familiar.</b> O empadroamento do alumno debe de ter unha antigüidade mínima dun ano e estar expedido no ano 2021. (8 puntos se o domicilio se atopa na área de influencia do centro e 4 puntos se está nas áreas limítrofes)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ <u>Xustificante familiar do Padrón Municipal.</u></li> <li>✓ En caso de non coincidir domicilio familiar e fiscal de ambos proxenitores ou tratarse dun cambio de domicilio con menos dun ano de antigüidade, pediráselles a seguinte documentación:</li> <li>✓ -copia de escritura ou contrato de aluguer e últimos recibos de subministros (luz, auga...) a nome dun dos proxenitores.</li> </ul>
<p><b>Proximidade do lugar de traballo</b> do pai, nai ou titor legal. (non é acumulable esta puntuación coa do domicilio familiar). (6 puntos se o lugar de traballo se atopa dentro da área de influencia do centro e 3 se está nas áreas limítrofes).</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Traballadores por conta allea: certificado expedido polo empregador e copia do contrato de traballo.</li> <li>✓ Traballadores por conta propia: <ul style="list-style-type: none"> <li>-Alta censal inicial na Axencia Estatal Tributaria.</li> <li>-Alta na Tesourería da S.S.</li> <li>-Funcionarios: Certificación expedida pola Xefatura de Persoal.</li> </ul> </li> </ul>

<p><b>Rendas anuais da unidade familiar.</b> (A correspondente ó exercicio fiscal do ano 2020) Suma das casas “Base imponible xeral” +”Base imponible do aforro” dividido entre o nº de membros da unidade familiar 1º. Se é inferior a 0,5 veces o IPREM: tres puntos. 2º. Se é igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: dous puntos. 3º. Se é igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM: un punto.</p>	<p>✓ Autorizar consulta automática de datos por parte da Consellería de Educación. Na solicitude.</p>
<p><b>Familia numerosa.</b> 3 puntos por familia numerosa de categoría especial. 2 puntos por familia numerosa de categoría xeral. ----- No caso de irmáns nados dun parto múltiple, sempre que soliciten o mesmo centro, corresponderanlles oito puntos se son dous e dez puntos se son máis de dous.</p>	<p>✓ Autorizar consulta automática de datos por parte da Consellería de Educación.</p>
<p><b>Familia monoparental. (*)</b> (2 puntos)</p>	<p>✓ Orixinal e copia do Libro de Familia e certificado de empadramento.</p>
<p><b>Discapacidade do alumno, pais ou irmáns igual ou superior ó 33%.</b> 4 puntos por discapacidade do alumno, da nai, pai ou titor legal 3 e dalgún irmán ou irmá, 1 punto.</p>	<p>✓ Autorizar consulta automática de datos por parte da Consellería de Educación. Na solicitude.</p>

(\*) Familia monoparental: é aquela que está composta por un único proxenitor que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos menores ó seu cargo, sempre que o outro proxenitor non contribúa economicamente ó seu sustento. Os casos de viuvez ou orfandade, se se percibe unha pensión, non serán considerados familia monoparental.